



JOSÉ LUIS OJJO POUZO (1 para 1)
D.N.I. 41070101
Data de Sinatura: 23/07/2019
HASH: 66a403d1685a077683ae912ccc3747

BASES PARA CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE CONDUCTORES DE VEHÍCULO MOTOBOMBA - CONVENIO DE COLABORACIÓN SUBSCRITO ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E O CONCELLO DE PORTO DO SON PARA PARTICIPAR NA PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS MEDIANTE A ACTUACIÓN DUN VEHÍCULO MOTOBOMBA.

1º: As presentes bases teñen por obxecto a regulación do procedemento selectivo para a contratacións laborais temporais de **dois (2)** condutores do vehículo motobomba, en relación ao convenio único de colaboración subscrito entre a Consellería do Medio Rural o Concello de Porto do Son para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020 o obxecto desta contratación é actuar nas tarefas de vixilancia, prevención e defensa contra incendios forestais coa finalidade de evitar os mesmos ou, cando menos, de minorar as súas consecuencias e o seu impacto negativo, colaborando na extinción de incendios forestais integrándose no dispositivo de emerxencias do Distrito Forestal onde se sitúe o concello. *Así mesmo, realizará aqueloutras tarefas que lle poidan asignar os órganos municipais competentes ou os seus superiores xerárquicos para a satisfacción das necesidades propias do servizo de obras e medio ambiente.*

Estas contratacións están condicionadas a existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente.

A natureza dos contratos será laboral temporal, a modalidade e duración determinarase para cada contratación en función das necesidades do servizo, a retribución será a establecida no orzamento do Concello de Porto do Son, os primeiros quince días do contrato de traballo constitúen o período de proba. A duración da contratación será a que se recolla no citado convenio.

2º: Son de aplicación as disposicións do RD Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público no que atinxe ás especialidades do emprego público desta natureza, así como a normativa concordante.

3º: As persoas interesadas en tomar parte nesta contratación, deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Ser español ou cidadán dun país membro da Unión Europea ou dalgún dos Estados aos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos definidos no Tratado constitutivo da Unión Europea, en virtude de Tratados Internacionais celebrados pola UE e ratificados por España.
- b) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.



Fixado no taboleiro de edictos
o día 23 de Xullo de 2019
Retirado
o día de de 20.....
O/A Funcionario/a



c) Non padecer enfermidade nin defecto físico ou psíquico que impida o desenvolvemento das correspondentes funcións.

d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, CC.AA. ou das EE.LL., nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.

e) Posuír o carné de conducir: C1.

f) Estar en posesión de, como mínimo, do certificado de escolaridade ou equivalente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

4º: Publicidade da convocatoria. Para tomar parte nas probas selectivas, os interesados deberán facelo constar en instancia dirixida ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Porto do Son, segundo o modelo que se achega como **anexo 1** (accesible na web municipal www.portodoson.gal), no apartado de "emprego".

As solicitudes acompañaranse coa documentación que acredite as condicións mínimas esixidas nesta convocatoria e dos méritos alegados polo aspirante, nas oficinas municipais (registro xeral do Concello de Porto do Son, de luns a venres (de 8:30 a 13:30 horas), ou en calquera das formas que sinala o art. 16 da Lei 39/2015, do 26 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de **cinco (5) días hábiles** dende o seguinte ao da publicación do anuncio no xornal.

A presentación de solicitudes poderá facerse ben no registro xeral do Concello, na sede electrónica municipal: <https://portodoson.sedelectronica.gal/>, ou ben en calquera das formas establecidas no art. 16 da Lei 39/2015, do 26 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no horario sinalado no parágrafo anterior. **As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos ou a través do Portelo Único** deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo funcionario de Correos ou da administración receptora da documentación. Nestes dous casos, unha vez presentada, deberá enviarse vía fax ao Concello (981-767358) ou correo electrónico: correo@portodoson.gal a solicitude debidamente selada antes do fin do prazo para a presentación de solicitudes,

A instancia irá inescusablemente acompañada da seguinte documentación:

- a) Fotocopia do Documento Nacional de Identidade, ou resgardo do mesmo, ou pasaporte. No suposto de nacionais doutros estados, pasaporte ou documento válido que acredite a súa identidade e o visado correspondente, de ser este esixible; e no seu caso, o permiso de residencia en vigor.
- b) Fotocopia do carnet de conducir: C1.





- c) Documentación acreditativa dos méritos alegados.
- d) Estar en posesión de, como mínimo, do certificado de escolaridade ou equivalente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

1.-Rematado o prazo de presentación de instancias, o Alcalde ditará resolución declarando aprobada a listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión. Esta resolución publicarase no taboleiro de edictos do Concello e será determinante para os efectos de posibles impugnacións e recursos, de conformidade co previsto na lei. Así mesmo, e sempre que sexa posible, a citada resolución publicarase, a título informativo e complementario, na web municipal (www.portodoson.gal)

Os/as aspirantes excluídos/as dispoñen dun prazo de dous días hábiles, contado desde o seguinte ao da publicación da antedita resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos, nos termos do artigo 68 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

2.- Posteriormente o Alcalde declarará aprobada a listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as, que se publicará no taboleiro de edictos do Concello. Na mesma resolución o Alcalde determinará o lugar, data e hora de realización da fase de oposición, así como a composición do tribunal cualificador. Os membros do tribunal cualificador serán designados polo Alcalde segundo o disposto no artigo 60 do Real Decreto 5/2015 do estatuto básico do empregado público e en atención ó principio de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros.

Estará constituído por un número impar de membros, funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo, non inferior a tres, debendo designarse o mesmo número de suplentes.

A totalidade dos seus membros deberá posuír un nivel de titulación igual ou superior á esixida para o acceso ás prazas obxecto desta convocatoria.

Deberá tenderse na súa composición, á paridade entre home e muller.

A pertenza ó mesmo será sempre a título individual non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

Non poderán formar parte do tribunal os funcionarios ou laborais fixos que realizaren tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria.

O tribunal de selección poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas, para todas ou algunhas das probas, que colaborarán co órgano de selección exclusivamente no exercicio das súas especialidades técnicas sen que sexan integrantes do tribunal, correspondéndolle o asesoramento e ilustración do parecer dos seus membros.

Os membros do tribunal deberán absterse de formar parte del cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 39/2015 de 1 outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Igualmente, os aspirantes poderán recusar ós membros do Tribunal cando conorra algunha das circunstancias determinadas na lei.





Así mesmo, e sempre que sexa posible, a citada resolución publicarase, a título informativo e complementario, na web municipal (www.portodoson.gal).

3.- De non existir aspirantes excluídos/as, o Alcalde elevará a definitiva a listaxe provisional na mesma resolución de aprobación.

5ª: Selección: Concurso-oposición:

(Publicaranse no Taboleiro de Edictos do Concello e na web oficial do Concello: www.portodoson.gal, no apartado de emprego, a data en a hora e lugar de realización das probas).

1.- Fase de oposición:

Proba práctica: Valorarase de 0 a 7 puntos. A desenvolver polos aspirantes, consistirá na realización das seguintes probas:

- Proba de manexo do camión motobomba: 4 puntos.
- Responder por escrito a 3 preguntas, valoradas en 1 punto por pregunta, relacionadas co seguinte temario:
 - Mecánica do camión motobomba.
 - Resolución de problemas que poidan xurdir no manexo deste vehículo.
 - Aspectos teóricos da condución e medidas de seguridade no manexo do vehículo motobomba.
 - Ferramentas de orientación no manexo do vehículo motobomba.

Proba de coñecemento da lingua galega: As persoas que non puideran acreditar o coñecemento da lingua galega mediante o certificado da realización do CELGA 1 ou equivalente da lingua galega deberán realizar unha proba escrita consistente na tradución dun texto do castelán ao galego e viceversa, cunha duración máxima de 30 minutos. Esta proba cualificarase con APTO ou NON APTO.

2.- Fase de concurso:

Servizos prestados como condutor de vehículo motobomba, ata a data de publicación das bases, **acreditaranse** mediante **certificado de empresa ou certificado de servizos prestados/vida laboral (xuntando contratos).**

Outorgaranse 0,10 puntos por mes traballado ata un **máximo de 1 punto.**

3.- **Recoñecemento médico e proba física de esforzo eliminatória** a desenvolver polos dous aspirantes que acadaron a maior puntuación na suma da proba práctica e dos servizos prestados.





6º: Os candidatos seleccionados serán os que obteñan maior puntuación. En caso de empate terán preferencia na contratación os aspirantes que acadasen maior puntuación na proba práctica, de persistir o empate, terán preferencia na contratación os aspirantes que acadasen maior puntuación nos servizos prestados e de persistir o empate terán preferencia os candidatos que presentarán a súa solicitude por orde de entrada no rexistro.

7º: Presentación da documentación polos aspirantes aprobados. Os candidatos seleccionados deberán presentar no Rexistro Xeral de Entrada do Concello de Porto do Son en horario de 8:30 a 13:30, **no prazo de 2 días hábiles**, dende que se faga pública a relación de aprobados (mediante anuncio no Taboleiro do Concello) os documentos acreditativos das condicións de capacidade e demais requisitos esixidos na convocatoria:

- Declaración xurada de non atoparse incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade.
- Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública nin encontrarse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.
- Código IBAN de conta bancaria e copia da cartilla da Seguridade Social (no caso de haber estado dado de alta).
- Os aspirantes seleccionados deberán presentar neste momento os orixinais da documentación presentada coa solicitude para a súa comprobación.

De non presentarse dita documentación no prazo indicado (salvo casos de forza maior) ou no caso de deducirse da documentación que non se reúnen os requisitos esixidos, o aspirante non poderá ser contratado; sen prexuízo da responsabilidade en que puidese incurrir por falsidade na súa solicitude de participación. Neste suposto, o Alcalde-Presidente contratará ao seguinte aspirante aprobado por orde de puntuación.

8º: En todo o non previsto por estas Bases, os contratos rexeranse polo disposto na lexislación reguladora dos contratos de duración determinada e no Estatuto dos Traballadores, así como pola lexislación vixente en materia de función pública que sexa de aplicación ao persoal laboral dos entes locais.

9º: Proposta de aprobado.

Concluída a cualificación final do proceso selectivo, o Tribunal publicará no citado Taboleiro de Anuncios do Concello de Porto do Son os nomes dos aspirantes aprobados coa puntuación total final, con especificación desta.

Así mesmo, o Tribunal elevará esta relación, coa acta da sesión, ao alcalde para proceder á formalización do contrato correspondente, a favor dos aspirantes que obtiveran a puntuación total máis alta (o Tribunal cualificador non poderá facer





proposta de contratación a favor dun número de aspirantes superior ao das prazas convocadas). Calquera proposta que inclúa máis nomes que prazas convocadas ou que contradiga o anteriormente establecido, será nula de pleno dereito.

Na acta da última sesión do Tribunal, incluírase unha relación dos aspirantes, por orde de puntuación, que non foran incluídos na lista de aprobados e proposta de nomeamento, a efectos de poder, se así se estima, ser contratados eventualmente, para cubrir provisionalmente as vacantes que se produzan ou as ausencias por aproveitamento de licenzas regulamentarias, necesidades do servizo, etc.; ou por se fose necesario cubrir algunha baixa ou renuncia do seleccionado. A duración desta bolsa comprenderá ata o 31/12/2019 e poderase prorrogar a duración desta bolsa de emprego por Resolución de Alcaldía.

A confección desta relación de aspirantes para provisións temporais será aprobada por Decreto da Alcaldía e publicada no Taboleiro de Anuncios do Concello.

10º: Formalización do contrato.

Unha vez presentada a documentación á que se refire o apartado anterior, o órgano competente da Corporación procederá á contratación a favor do aspirante proposto polo tribunal Cualificador e ao seu chamamento para a súa incorporación.

Será nula a contratación de quen esta incurso en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

A formalización dos contratos terá lugar dentro do prazo de cinco días naturais, a contar desde a data de notificación do acordo de contratación.

Mentres non se formalice o respectivo contrato e non se incorpore ao posto de traballo, o aspirante non terá dereito a percepción económica de ningunha clase.

11º: Normas finais.

Primeira._ Para todo o non previsto nestas bases, ou naquilo que as contradigan, será de aplicación supletoria o establecido na *Lei reguladora das bases de réxime local*, na *Lei de administración local de Galicia*, *Real Decreto 896/1991*, *Real Decreto 364/1995*, e demais lexislación vixente que sexa de aplicación.

Segunda._ Agás a convocatoria, que se publicará segundo se establece na base 3ª, os sucesivos actos e comunicacións que se deriven da celebración deste proceso selectivo faranse públicos, a través do Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e na páxina web do Concello.

Terceira._ Todos os actos administrativos derivados desta convocatoria, así como da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e





na forma establecidos pola *Lei de procedemento administrativo* e normas vixentes concordantes.

A presentación de reclamacións non suspenderá a continuación do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante deste.

Cuarta.- Contra as presentes bases e a Resolución que as aproba, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso – administrativo ante o Xulgado Contencioso Administrativo da Coruña, no prazo de dous meses (contados dende o día seguinte ao da publicación da convocatoria).

Con carácter potestativo e previo, poderá interpoñer recurso de reposición ante o mesmo órgano que adoptou o acordo de aprobación, no prazo dun mes (contado dende o día seguinte ao da publicación da convocatoria). Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso – administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Neste último suposto, o prazo para a interposición do recurso contencioso – administrativo será de seis meses contados dende o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Todo iso sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro que considere procedente.

Porto do Son, na data da sinatura dixital

O ALCALDE

Asd.: José Luis Oujo Pouso.





Anexo I

MODELO DE INSTANCIA.

D/Dña.....

con DNI número e domicilio a efectos de notificacións en

.....

e teléfono

EXPÓN:

1º) Que desexo participar no proceso selectivo convocado polo Concello de Porto do Son para a selección de condutores do vehículo motobomba

2º) Que reúno todos os requisitos esixidos referidos á data de finalización do prazo sinalado para a presentación da solicitude nas Bases, que acepto e declaro coñecer, e que son certos os datos obrantes na presente instancia, comprometéndome a probar documentalmente todos os datos que figuran nesta solicitude.

Adxunto coa presente instancia, segundo dispón a Base 4ª da convocatoria:

- a) Fotocopia do Documento Nacional de Identidade, ou resgardo do mesmo, ou pasaporte. No suposto de nacionais doutros estados, pasaporte ou documento válido que acredite a súa identidade e o visado correspondente, de ser este esixible; e no seu caso, o permiso de residencia en vigor.
- b) Fotocopia do carnet de conducir: C1.
- c) Documentación acreditativa dos méritos alegados.
- e) Fotocopia do certificado de escolaridade ou equivalente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.
- f) De selo caso, fotocopia do CELGA 1 ou equivalente da lingua galega.

Por todo o exposto, SOLICITO:

SER ADMITIDO A PARTICIPAR NO PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN PARA AS PRAZAS CITADAS ANTERIORMENTE, EN RÉXIME DE CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DO CONCELLO DE PORTO DO SON.

En Porto do Son, ____ de _____ de 2019.

(sinatura)

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE PORTO DO SON.

